

1. Identificación da programación
Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|----------------------|------------------------|---------------|
| 15015743 | Arcebispo Xelmírez I | Santiago de Compostela | 2023/2024 |

Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|-------------------------------|---------------------|---------------------------|-------------------------|---------------------------------|------------------------|
| IMS | Imaxe e son | CMIMS01 | Vídeo disc-jockey e son | Ciclos formativos de grao medio | Réxime xeral-ordinario |

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|---|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP1301 | Preparación de sesións de vídeo disc-jockey | 2023/2024 | 7 | 187 | 224 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

| | |
|--------------------------------|--------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | SABELA PERNAS SOTO |
| Outro profesorado | |

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O título de técnico en Vídeo Disc-jockey e Son nace ao abeiro do Real Decreto 114/2010, apenas catro anos despois da aprobación da Lei Orgánica de Educación (LOE). O seu curriculum ven regulado no decreto 200/2013 de 27 de decembro (DOG nº 62) .

Este módulo dá resposta a unha serie de funcións que conforman o perfil profesional do título e desenvolve as funcións correspondentes de planificación, programación e promoción de sesións de animación musical e visual en espectáculos en vivo.

O título de técnico en Vídeo Disc-Jockey e Son, como perfil profesional antes que curricular, atinxe a traballadores versátiles preparados para exercer nos sectores do son, o audiovisual e o espectáculo, con presenza remarcábel nas actividades propias de discotecas, bares con licenza musical, salas de festas ou actuación musicais e visuais en todo tipo de recintos. O seu labor consiste en efectuar as operacións de captación, mestura directa, edición e gravación do son, tanto para audiovisuais como para espectáculos. Canto á animación musical e visual, desenvolve as actividades propias de preparación e realización de sesións e actuacións, xunguindo as responsabilidades do disc-jockey, o vídeo-jockey e o light-jockey. Semellante perfil profesional debe estar capacitado para resolver tecnicamente os procesos de son nos é que parte dunha estrutura superior, e tamén debe obter resultados satisfactorios nas actividades de animación músico-visual onde é o único responsábel.

O tecido empresarial dos sectores en que desenvolve a súa actividade, nomeadamente o espectáculo e a industria audiovisual, conta cunha escasa ratio de empresas con alta cota de empleabilidade. A metade son persoas físicas, seguidas por S.L. e, cunha proporción mínima, sociedades anónimas. O nivel de temporalidade na contratación é alto e motos traballadores e traballadoras son autónomos.

A evolución tecnolóxica nos sectores do son e do audiovisual alicerzouse so o espallamento da tecnoloxía dixital. En todas as actividades propias do sector audiovisual se necesitan profesionais con capacitación para actuar no ámbito do son. No título que se concreta, son necesarios profesionais en todos os eidos: produción radiofónica e industria discográfica, produción especificamente televisiva en estudio e en multicámara, produción de vídeo para todos os tipos de distribución, produtos de animación en 2D e 3D, produción de contidos para seren difundidos por internet, cine, produción multimedia e novas posibilidades de produción para outro tipo de dispositivos, como a telefonía ou os dispositivos móbiles. A evolución tecnolóxica e as modificacións nos hábitos de produción e consumo afectan a todas as actividades da produción, tamén ás angueiras vencelladas ao son.

Vive o sector arestora a a aplicación de novas tecnoloxías na súa produción, en todos os soportes, e iso modifica o tipo de oferta e até o feedback do público. Nas producións musicais aproveitouse a medra, agora estancada, dos concertos en vivo fronte á decrecente venda de soportes tradicionais. A industria do evento converteuse nun dos eidos con maior proxección de futuro e nun modo de márketing constante para as empresas que vencellan unha marca a un espectáculo. No ámbito da animación musical e visual tamén se require a formación de traballadores que exercen no sector do ocio, en calidade de disc-jockey, vídeo-jockey e light-jockey.

Convén remarcar a polivalencia deste título no acceso profesional ás actividades de manipulación e tratamento dixital de imaxes fixas. Coa revolución inducida no mundo da fotografía pola revolución dixital a finais dos 90, mudaron para sempre os xeitos de traballar e os perfís antes indicados para se desenvolver profesionalmente no eido do tratamento dixital de imaxes. Este título ofrece unha nova solución formativa para os

novos requirimentos industriais. É necesario formar profesionais con especializacións versátiles capaces de se adaptar á nova paisaxe organizativa e laboral.

Esta programación, dacordo coa lei educativa en vigor en España, enmárcase dentro do obxectivo fundamental de xerar coñecemento activo con aplicacións prácticas. A educación quererá ser multidisciplinar, tamén en consideración das diferentes, as veces contraditorias, necesidades da aula. No índice de feblezas sempre se empeza cunha eiva de orixe: sendo que case todas as actividades vencelladas á preparación de sesións de VJ e Son implican traballo grupal, o certo é que cada aula é un mundo e cada grupo escolar, neste sentido, froito do azar. Por iso é necesario alimentar as dinámicas colectivas, por suposto baseadas na empatía cos outros. Isto último resulta particularmente decisivo nun módulo onde os alumnos terán que facer súas no ámbito de traballo talentos parellos aos que se establecen nunha relación co cliente/audiencia, que esixe ser recoñecido en calquera relación de produción e consumo de eventos músico-sonoros.

No ámbito das fortalezas, o centro IES Arcebispo Xelmírez I e a cidade de Santiago fornécennos de partida cos materiais necesarios para facer as prácticas do módulo. Por outra banda, a oferta cultural e de eventos de Compostela vannos axudar.

Contra a crenza común de que a fenda principal é a dixital, urxe insistir na importancia neste módulo da alfabetización mediática. Os alumnos deben dominar as linguaxes que se entrecruzan na creación de contidos audiovisuais. Os alumnos deben saber "ler" nestas linguaxes para poderen entender un mundo onde as relacións icónicas e a linguaxe simbólica que levan aparelada contribúen tan decisivamente á configuración da realidade.

Os obxectivos esenciais son os que se establecen como contidos mínimos esixibles para que o alumnado poida desenvolver unha actividade laboral neste eido.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

| U.D. | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) |
|------|--|--|--------------------|----------|
| 1 | A imaxe en movemento | Unidades da linguaxe audiovisual, tipos de plano, movementos de cámara | 28 | 14 |
| 2 | Planificación de gravacións audiovisuais | O guión, a continuidade espacial e temporal. A montaxe | 24 | 9 |
| 3 | Estilos e técnicas de iluminación | Parámetros da luz. Técnicas básicas de iluminación | 14 | 5 |
| 4 | A imaxe fixa | Elementos, características e composición da imaxe | 35 | 16 |
| 5 | A linguaxe musical | O son. Elementos da linguaxe musical, os instrumentos musicais. | 21 | 12 |
| 6 | Estilos musicais | Os estilos musicais e historia da música electrónica. | 21 | 10 |

| U.D. | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) |
|------|--|---|--------------------|----------|
| 7 | A Radio | Instalacións técnicas en estudos de radio. Programación radiofónica. | 18 | 6 |
| 8 | A interacción músico-visual | Coordinación de elementos visuais e musicais en sesións de animación músico-visual. Distribución espacial de pantallas e superficies de proxección visual | 14 | 6 |
| 9 | Programación de sesións de animación músico-visual | Tipos de empresas de animación músico-visual. Procesos de traballo en sesións de animación musical. Lexislación sobre propiedade intelectual. | 24 | 11 |
| 10 | Catalogación de medios sonoros e visuais | Compra e catalogación de medios sonoros e visuais | 11 | 5 |
| 11 | Promoción de actividades de salas de animación músico-visual | Preparación e recompilación de carteis e vídeos promocionais. Medios de difusión e espazos publicitarios | 14 | 6 |

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|----------------------|----------|
| 1 | A imaxe en movemento | 28 |

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA2 - Planifica o material visual que se vaia difundir en sesións de animación músico-visual, en relación con tendencias musicais e valorando a expresividade de fotografías e vídeos, e establece os obxectivos da sesión. | NO |

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA2.1 Determináronse os obxectivos da sesión de animación músico visual. |
| CA2.4 Xustificáronse os recursos de encadramento, movemento, iluminación, cor, contraste e contido de diversos medios videográficos que se vaian difundir na sesión de animación visual en salas e eventos, anticipando os seus efectos sobre o público en diversas c |
| CA2.5 Xustificáronse as posibles relacións entre os aspectos formais da imaxe fixa e en movemento e as estruturas rítmicas e tonais da música na sesión de animación músico-visual, potenciando os seus mutuos reforzos e evitando disonancias non desexadas. |

4.1.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Recursos da linguaxe audiovisual: tamaños de plano, tipo de encadramento e técnicas de movementos de cámara. |

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 2 | Planificación de gravacións audiovisuais | 24 |

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA2 - Planifica o material visual que se vaia difundir en sesións de animación músico-visual, en relación con tendencias musicais e valorando a expresividade de fotografías e vídeos, e establece os obxectivos da sesión. | NO |

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA2.1 Determináronse os obxectivos da sesión de animación músico-visual. |
| CA2.4 Xustificáronse os recursos de encadramento, movemento, iluminación, cor, contraste e contido de diversos medios videográficos que se vaian difundir na sesión de animación visual en salas e eventos, anticipando os seus efectos sobre o público en diversas c |
| CA2.7 Planificáronse os planos e os encadramentos de cámara en pezas visuais, tendo en conta a funcionalidade dos tamaños de plano, a expresividade das angulacións de cámara e as regras de continuidade visual, aplicando todo iso en guións técnicos, esquemas de |

4.2.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Montaxe audiovisual: tipos de montaxe, eixes de acción, regra de 180º e ritmo na montaxe. |

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|-----------------------------------|----------|
| 3 | Estilos e técnicas de iluminación | 14 |



4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA2 - Planifica o material visual que se vaia difundir en sesións de animación músico-visual, en relación con tendencias musicais e valorando a expresividade de fotografías e vídeos, e establece os obxectivos da sesión. | NO |

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA2.1 Determináronse os obxectivos da sesión de animación musico visual. |
| CA2.3 Avaliouse a idoneidade de fotografías e gráficos que se vaian proxectar na sesión de animación músico-visual, analizando a composición, o brillo, o contraste, a cor, o dinamismo e outros elementos morfolóxicos. |
| CA2.4 Xustificáronse os recursos de encadramento, movemento, iluminación, cor, contraste e contido de diversos medios videográficos que se vaian difundir na sesión de animación visual en salas e eventos, anticipando os seus efectos sobre o público en diversas c |
| CA2.6 Planificouse a interacción dos elementos visuais cos efectos luminotécnicos en discotecas, salas de espectáculos e eventos, propiciando a súa complementariedade e evitando desaxustes temporais e espaciais non desexadas. |

4.3.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Valoración dos parámetros lumínicos e cromáticos da imaxe. |
| Tipos e técnicas básicas de iluminación. |

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--------------|----------|
| 4 | A imaxe fixa | 35 |

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA2 - Planifica o material visual que se vaia difundir en sesións de animación músico-visual, en relación con tendencias musicais e valorando a expresividade de fotografías e vídeos, e establece os obxectivos da sesión. | NO |

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA2.1 Determináronse os obxectivos da sesión de animación musico visual. |
| CA2.3 Avaliouse a idoneidade de fotografías e gráficos que se vaian proxectar na sesión de animación músico-visual, analizando a composición, o brillo, o contraste, a cor, o dinamismo e outros elementos morfolóxicos. |
| CA2.5 Xustificáronse as posibles relacións entre os aspectos formais da imaxe fixa e en movemento e as estruturas rítmicas e tonais da música na sesión de animación músico-visual, potenciando os seus mutuos reforzos e evitando disonancias non desexadas. |

4.4.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Elementos morfolóxicos da imaxe: punto, liña e forma. |
| Valoración dos parámetros lumínicos e cromáticos da imaxe. |
| Técnicas de composición, equilibrio, dinamismo e unidade. |
| Avaliación dos valores comunicativos e expresivos da fotografía. |

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--------------------|----------|
| 5 | A linguaxe musical | 21 |

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Determina as características tipolóxicas da música adecuada á sesión de animación musical ou ao programa de radio, anticipando os seus efectos sobre o público de salas ou a audiencia de radio. | NO |

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.1 Determináronse os elementos da linguaxe musical propios das pezas que se vaian programar nunha sesión de animación, tales como estruturas tonais, harmonías, instrumentacións e técnicas de execución, analizándoos mediante unha escoita intelixente, absoluta |
| CA1.3 Determináronse as estruturas rítmicas de pezas musicais que cumpra seleccionar para a sesión mediante a análise de frases, compases e beats por minuto, clasificando as pezas afíns para unha mestura posterior. |

4.5.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Constitución dos sons e sonoridade. Elementos do linguaxe musical: estruturas rítmicas baseadas en frases, compases e beats; estruturas tonais; melodía; instrumentación; técnicas vocais e de execución. Harmonía, intervalo, escala e acorde. Altura tonal e entoación. Estrutura dos temas musicais: intro, fraseo, interludio e retrouso. Distinción das características dos instrumentos nun tema musical a partir da escoita relativa e absoluta. |

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|------------------|----------|
| 6 | Estilos musicais | 21 |

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Determina as características tipolóxicas da música adecuada á sesión de animación musical ou ao programa de radio, anticipando os seus efectos sobre o público de salas ou a audiencia de radio. | NO |

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.2 Clasifícanse pezas de diversos estilos e tendencias musicais en función da súa adecuación a diferentes tipos de sesión de animación musical e visual, tendo en conta o xénero, a época, o selo discográfico, os intérpretes, os instrumentistas, o ritmo e a |
| CA1.4 Definíronse os estilos e as características de diversas tendencias de animación musical para salas de lecer e espazos de eventos, adaptándoos ás calidades funcionais e ambientais de diversos tipos de locais e á diversidade de público potencial en diferent |

4.6.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Caracterización dos estilos musicais: xéneros e subxéneros. |
| Diferenciación entre os estilos musicais a través da escoita. |

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--------------|----------|
| 7 | A Radio | 18 |

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Determina as características tipolóxicas da música adecuada á sesión de animación musical ou ao programa de radio, anticipando os seus efectos sobre o público de salas ou a audiencia de radio. | NO |
| RA4 - Programa as actividades dunha sala de animación músico-visual, definindo temas, estilos e tendencias, e tendo en conta o público, as características funcionais da sala, os seus recursos humanos e as capacidades estilísticas e comunicativas de disc-jockeys e vídeo-jockeys residentes e invitados/as. | NO |

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA1.5 Determináronse os estilos musicais acordes cos criterios de programación dunha emisora de radio nos seus diferentes horarios de emisión, seleccionando épocas, artistas, selos discográficos e tendencias musicais. |
| CA1.6 Xustificáronse seleccións musicais adecuadas a diversos programas radiofónicos atendendo aos seus obxectivos comunicativos e expresivos, ás súas franxas horarias e á variedade de audiencias ás que van destinadas. |

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA4.2 Determináronse as características e as funcións específicas do equipo humano necesario para o funcionamento permanente dunha sala de animación músico-visual, tendo en conta a súa tipoloxía, os seus obxectivos e a súa programación. |
| CA4.4 Elaboráronse as programacións semanal, mensual e de temporada de sesións músico-visuais en discotecas, salas de espectáculos e eventos, atendendo á oferta do contorno, á dispoñibilidade de disc-jockeys e vídeo-jockeys, ás características do público e á cl |
| CA4.5 Planificouse e elaborouse a escaleta da actuación de disc-jockeys, vídeo-jockeys e vídeo disc-jockeys residentes e invitados/as nunha sesión de animación músico-visual, analizando condicionantes da especialización e da simultaneidade de tarefas, e prevend |

4.7.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Técnicas de determinación de criterios estilísticos, estéticos e comunicativos para a selección de estilos musicais en programas de radio, segundo épocas, artistas, selos discográficos e tendencias musicais. |
| Tipoloxía e características de emisoras de radio e de programas musicais. |
| Procesos de traballo en sesións de animación musical e visual en salas e en emisoras de radio: fases, secuencia de tarefas e equipos humanos técnicos, organizativos e artísticos. |
| Técnicas de programación radiofónica segundo tipoloxías de emisoras, franxas horarias e audiencia. |

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|-----------------------------|----------|
| 8 | A interacción músico-visual | 14 |

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA2 - Planifica o material visual que se vaia difundir en sesións de animación músico-visual, en relación con tendencias musicais e valorando a expresividade de fotografías e vídeos, e establece os obxectivos da sesión. | NO |

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA2.1 Determináronse os obxectivos da sesión de animación musico visual. |

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA2.2 Determinouse a situación, o tamaño e o número de pantallas e superficies de proxección da discoteca ou o espazo de eventos, atendendo á diversidade de áreas e funcións e ao seu uso por parte de profesionais e do público. |
| CA2.4 Xustificáronse os recursos de encadramento, movemento, iluminación, cor, contraste e contido de diversos medios videográficos que se vaian difundir na sesión de animación visual en salas e eventos, anticipando os seus efectos sobre o público en diversas c |
| CA2.5 Xustificáronse as posibles relacións entre os aspectos formais da imaxe fixa e en movemento e as estruturas rítmicas e tonais da música na sesión de animación músico-visual, potenciando os seus mutuos reforzos e evitando disonancias non desexadas. |
| CA2.6 Planificouse a interacción dos elementos visuais cos efectos luminotécnicos en discotecas, salas de espectáculos e eventos, propiciando a súa complementariedade e evitando desaxustes temporais e espaciais non desexadas. |

4.8.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| <p>Planificación espacial e funcional de pantallas e superficies de proxección en salas de animación músico-visual.</p> <p>Valores expresivos na interacción de elementos visuais e luminotecnia.</p> <p>Planificación do evento en función das características da audiencia.</p> <p>Coordinación de elementos visuais e musicais. Técnicas de sincronización e reforzo.</p> <p>Valores expresivos de elementos visuais e música combinados. Impacto emocional sobre o público.</p> |

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 9 | Programación de sesións de animación músico-visual | 24 |

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Determina as características tipolóxicas da música adecuada á sesión de animación musical ou ao programa de radio, anticipando os seus efectos sobre o público de salas ou a audiencia de radio. | NO |
| RA2 - Planifica o material visual que se vaia difundir en sesións de animación músico-visual, en relación con tendencias musicais e valorando a expresividade de fotografías e vídeos, e establece os obxectivos da sesión. | NO |
| RA4 - Programa as actividades dunha sala de animación músico-visual, definindo temas, estilos e tendencias, e tendo en conta o público, as características funcionais da sala, os seus recursos humanos e as capacidades estilísticas e comunicativas de disc-jockeys e video-jockeys residentes e invitados/as. | SI |

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.2 Clasifícaronse pezas de diversos estilos e tendencias musicais en función da súa adecuación a diferentes tipos de sesión de animación musical e visual, tendo en conta o xénero, a época, o selo discográfico, os intérpretes, os instrumentistas, o ritmo e a |
| CA2.1 Determináronse os obxectivos da sesión de animación musico visual. |
| CA2.6 Planificouse a interacción dos elementos visuais cos efectos luminotécnicos en discotecas, salas de espectáculos e eventos, propiciando a súa complementariedade e evitando desaxustes temporais e espaciais non desexadas. |
| CA4.1 Definíronse as características das empresas de animación músico-visual que inflúen na elección de disc-jockeys e vídeo-jockeys, analizando a estrutura, o amaño, a situación, a actividade, o público e os obxectivos. |
| CA4.2 Determináronse as características e as funcións específicas do equipo humano necesario para o funcionamento permanente dunha sala de animación músico-visual, tendo en conta a súa tipoloxía, os seus obxectivos e a súa programación. |
| CA4.3 Determináronse as características da programación da sala, valorando a tipoloxía e as idades do público pretendido, os tipos de sesión, a época estacional e a oferta musical do contorno. |
| CA4.4 Elaboráronse as programacións semanal, mensual e de temporada de sesións músico-visuais en discotecas, salas de espectáculos e eventos, atendendo á oferta do contorno, á dispoñibilidade de disc-jockeys e vídeo-jockeys, ás características do público e á cl |
| CA4.5 Planificouse e elaborouse a escaleta da actuación de disc-jockeys, vídeo-jockeys e vídeo disc-jockeys residentes e invitados/as nunha sesión de animación músico-visual, analizando condicionantes da especialización e da simultaneidade de tarefas, e prevend |
| CA4.6 Programouse a participación de artistas nunha sesión de animación músico-visual, tendo en conta os seus requisitos de rider técnico e os criterios definitorios da orde de intervención. |

4.9.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Procedementos de determinación de estilos e tendencias de animación musical en relación coa diversidade de locais, públicos, horarios e zonas xeográficas. |
| Planificación do evento en función das características da audiencia. |
| Tipoloxía, características e estrutura funcional de empresas de produción de sesións de animación musical e visual. |
| Fichas técnicas de salas e espazos para sesións de animación musical e visual. |
| Interpretación de rider técnicos de animación musical e visual: diagrama de bloques, esquemas de representación espacial de equipamentos e situación do material en cabinas de disc-jockey, vídeo-jockey e light-jockey. |
| Técnicas de elaboración e interpretación de escaletas de sesións de animación musical e visual. |
| Procesos de traballo en sesións de animación musical e visual en salas e en emisoras de radio: fases, secuencia de tarefas e equipos humanos técnicos, organizativos e artísticos. |

| Contidos |
|---|
| Técnicas de programación de sesións de animación musical e visual en salas segundo criterios de público, tendencias e temporadas. |
| Lexislación sobre propiedade intelectual e dereitos de emisión e difusión de obras musicais e audiovisuais en salas e en emisoras de radio. |

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 10 | Catalogación de medios sonoros e visuais | 11 |

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA3 - Elabora os catálogos de medios sonoros e visuais da sala de animación músico-visual ou os exclusivamente sonoros da emisora de radio, consultando fontes de información discográfico-visual e considerando os criterios estilísticos e económicos que condicionan a adquisición de música, imaxes e obras audiovisuais. | SI |

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA3.1 Definíronse os criterios que cumpra considerar para a incorporación de músicas, efectos sonoros e librerías de audio ao catálogo de medios sonoros do espazo onde se vaia desenvolver a sesión ou da emisora de radio, en función de obxectivos de identidade d |
| CA3.2 Determináronse as necesidades de obras audiovisuais e librerías de fotografía e vídeo para a súa incorporación ao catálogo de medios visuais de salas de animación músico-visual, en función de obxectivos predefinidos de público e identidade. |
| CA3.3 Especificáronse os criterios para a selección de selos discográficos e provedores de música de diversos estilos e tendencias para a elaboración do catálogo de medios sonoros, a partir do estudo de prensa especializada e outras fontes de consulta. |
| CA3.4 Documentáronse fondos musicais e audiovisuais, clasificándoos na base de datos segundo criterios universais de catalogación e metadatos tales como autoría, instrumentistas, voces, selo discográfico, data de gravación, estilo, tempo, ambiente, soporte, dat |
| CA3.5 Xestionáronse os dereitos de autoría correspondentes ás obras que se desexen incorporar ao catálogo de medios sonoros e visuais que vaian formar parte do deseño da sesión de animación músico-visual. |
| CA3.6 Determináronse as necesidades de captación e gravación de determinados sons e elementos visuais orixinais para os incorporar aos catálogos de medios sonoros e audiovisuais de sesións de animación músico-visual. |
| CA3.7 Elaboráronse orzamentos para a adquisición de música e material audiovisual, consultando información comercial e equilibrando diversas capacidades de gasto mediante a previsión de adquisicións. |

4.10.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Técnicas de localización e consulta de fontes de información do mercado discográfico e audiovisual: publicacións periódicas, web, blogs, buscadores de música e de imaxes, bancos de imaxes, plataformas de distribución musical e redes sociais. |
| Criterios definitorios da colección musical: estilos, selos discográficos, estruturas rítmicas, instrumentacións, etc. |
| Catalogación informatizada de medios sonoros e visuais en función de metadatos e referencias universais. |
| Métodos de procura, ordenación e filtraxe de criterios en bases de datos. |
| Técnicas de manipulación e conservación de soportes de obras musicais e audiovisuais. |

4.11.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 11 | Promoción de actividades de salas de animación músico-visual | 14 |

4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA5 - Promove as actividades dunha sala de animación músico-visual ou a programación dunha emisora de radio, valorando a utilización de técnicas de autopromoción a partir do establecemento de obxectivos empresariais. | SI |

4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA5.1 Elaborouse o expediente promocional de disc-jockey, vídeo-jockey e light-jockey residente ou invitado/a, en salas de animación músico-visual, analizando características estilísticas e a traxectoria profesional, e identificáronse posibles reclamos publicit |
| CA5.2 Elaborouse a promoción dunha sesión de animación músico-visual, identificando reclamos significativos como disc-jockeys, vídeo-jockeys, light-jockeys, espectáculos e ambiente da sala, e tendo en conta a antelación necesaria, as tarifas, o orzamento dispoñ |
| CA5.3 Planificouse a promoción da programación dunha sala de animación músico-visual, describindo as accións publicitarias de proximidade, en prensa, en radio e en medios audiovisuais, e aplicando criterios de finalidade, alcance, medios empregados e duración d |
| CA5.4 Elaborouse a dinámica de promoción da sesión de animación musical e visual en web e redes sociais, determinando os contidos audiovisuais e gráficos que se vaian difundir e potenciando a fidelización da clientela mediante a actividade en redes sociais. |
| CA5.5 Determináronse as técnicas de autopromoción que se vaian empregar na emisión de programas radiofónicos musicais, tendo en conta os obxectivos de empresa e a audiencia potencial. |

4.11.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Elaboración de información textual para expedientes promocionais de disc-jockeys, vídeo-jockeys e light-jockeys. |
| Compilación e preparación de gráficos e fotografías de carácter promocional. Criterios de selección estilísticos e comunicativos. |
| Técnicas de promoción e comunicación en sesións de animación musical e visual. |
| Medios de difusión e espazos publicitarios: prensa, radio e accións de proximidade. |
| Promoción de sesións de animación musical e visual en internet: sitio web propio, blogs, foros e redes sociais. |

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación
MÍNIMOS ESIXIBLES PARA ALCANZAR A AVALIACIÓN POSITIVA:

Os mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva son os seguintes:

- Avaliase a idoneidade de fotografías e gráficos que se vaian proxectar na sesión de animación músico-visual, analizando a composición, o brillo, o contraste, a cor, o dinamismo e outros elementos morfolóxicos.
- Clasifícanse as pezas de diversos estilos e tendencias musicais en función da súa adecuación a diferentes tipos de sesión de animación musical e visual, tendo en conta o xénero, a época, o selo discográfico, os intérpretes, os instrumentistas, o ritmo e a melodía.
- Defínense os criterios que cumpra considerar para a incorporación de músicas, efectos sonoros e librarías de audio ao catálogo de medios sonoros do espazo onde se vaia desenvolver a sesión ou da emisora de radio, en función de obxectivos de identidade de sala, público ou audiencia.
- Determinanse os elementos da linguaxe musical propios das pezas que se vaian programar nunha sesión de animación, tales como estruturas tonais, harmonías, instrumentacións e técnicas de execución, analizándoos mediante unha escoita intelixente, absoluta e relativa.
- Determinanse os estilos musicais acordes cos criterios de programación dunha emisora de radio nos seus diferentes horarios de emisión, seleccionando épocas, artistas, selos discográficos e tendencias musicais.
- Documentanse fondos musicais e audiovisuais, clasificándoos na base de datos segundo criterios universais de catalogación e metadatos e facilitar o acceso selectivo aos medios.
- Elaborarase a promoción dunha sesión de animación músico-visual, identificando reclamos significativos e tendo en conta a antelación necesaria, as tarifas, o orzamento dispoñible e o público pretendido.
- Elaboranse as programacións semanal, mensual e de temporada de sesións músico-visuais en discotecas, salas de espectáculos e eventos, atendendo á oferta do contorno, á dispoñibilidade de disc-jockeys e vídeo-jockeys, ás características do público e á climatoloxía estacional.
- Elaborase o expediente promocional de disc-jockey, vídeo-jockey e light-jockey residente ou invitado/a, en salas de animación músico-visual, analizando características estilísticas e a traxectoria profesional, e

identificar posibles reclamos publicitarios.

- Planifícase a interacción dos elementos visuais cos efectos luminotécnicos en discotecas, salas de espectáculos e eventos, propiciando a súa complementariedade e evitando desaxustes temporais e espaciais non desexados.
- Planifícase a promoción da programación dunha sala de animación músico-visual, describindo as accións publicitarias de proximidade, en prensa, en radio e en medios audiovisuais, e aplicando criterios de finalidade, alcance, medios empregados e duración da campaña.
- Planifícanse os planos e os encadramentos de cámara en pezas visuais, tendo en conta a funcionalidade dos tamaños de plano, a expresividade das angulacións de cámara e as regras de continuidade visual, aplicando todo iso en guións técnicos, esquemas de planta e storyboards.
- Programase a participación de artistas nunha sesión de animación músico-visual, tendo en conta os seus requisitos de rider técnico e os criterios definitivos da orde de intervención.
- Xestionanse os dereitos de autoría correspondentes ás obras que se desexen incorporar ao catálogo de medios sonoros e visuais que vaian formar parte do deseño da sesión de animación músico-visual.
- Xustifícanse as posibles relacións entre os aspectos formais da imaxe fixa e en movemento e as estruturas rítmicas e tonais da música na sesión de animación músico-visual, potenciando os seus mutuos reforzos e evitando disonancias non desexadas.
- Xustifícanse os recursos de encadramento, movemento, iluminación, cor, contraste e contido de diversos medios videográficos que se vaian difundir na sesión de animación visual en salas e eventos, anticipando os seus efectos sobre o público.
- Xustifícanse as seleccións musicais adecuadas a diversos programas radiofónicos atendendo aos seus obxectivos comunicativos e expresivos, ás súas franxas horarias e á variedade de audiencias ás que van destinadas.

A proposta para avaliar rexeráse polos seguintes parámetros:

PRIMEIRA AVALIACIÓN:

- Realizarase unha proba escrita
- Realizaranse diferentes actividades e pequenos exercicios

SEGUNDA AVALIACIÓN:

- Realizarase unha proba escrita
- Realizaranse diferentes actividades e pequenos exercicios.

TERCEIRA AVALIACIÓN:

- Realizárase unha proba escrita
- Realizáranse diferentes actividades e pequenos exercicios.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

PRIMEIRA AVALIACIÓN:

- 40% proba escrita
- 60% as actividades e pequenos exercicios.

SEGUNDA AVALIACIÓN:

- 40% proba escrita
- 60% as actividades e pequenos exercicios.

TERCEIRA AVALIACIÓN:

- 40% proba escrita
- 60 % as actividades e pequenos exercicios.

NOTA FINAL DO MÓDULO:

Esta nota final do módulo calcularase cunha media aritmética das tres avaliacións.

As probas escritas e as actividades serán puntuados entre 0 e 10 .

A cualificación do módulo será numérica, entre un 1 e un 10, sen decimais, atendendo ao criterio de que se na suma das distintas probas se obtén unha cualificación con decimais, esta aproximarase á unidade inmediatamente inferior se non alcanza o 0,50 ou a inmediatamente superior se o iguala ou supera.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Se o alumno non acada a cualificación final positiva do módulo planifícanse unha serie de actividades de recuperación:

· Probas teórico-prácticas, unha por cada avaliación non superada, realizadas en Xuño, nas que se valorará o coñecemento dos contidos abordados durante esa avaliación.

Ditas probas terán unha cualificación de 1 ao 10, debendo acadar un 5 ou máis para dar por aprobada a recuperación.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que teñan perdido o dereito á avaliación continua (aqueles cuxas faltas sen xustificar superen o 10% das horas totais do módulo) poderá presentarse a unha proba extraordinaria que se celebrará no mes de xuño e que estará composta de dúas partes:

1. Un exame escrito de tipo cuestionario onde debe demostrar o dominio dos contidos necesarios para acadar os Resultados de Aprendizaxe (RA) do módulo previstos no currículo oficial do mesmo (Decreto 200/2013, do 27 de decembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Vídeo Disc-jockey e Son)

2. Un exercicio práctico instrumental que estará composto dunha serie de prácticas ou supostos prácticos nos que demostre o dominio dos coñecementos procedimentais necesarios para acadar os Resultados de Aprendizaxe (RA) do módulo previstos no citado currículo oficial.



A cualificación final será a media dos dous exames.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O procedemento para analizar o resultado da programación no proceso de ensinanza-aprendizaxe está baseado na observación directa da evolución da clase así como nos resultados dos pequenos exercicios, as actividades e os exames, que de forma periódica vanse facer ao longo do curso.

Por outra banda, a programación será impartida íntegramente. Sen embargo, e debido aos avatares da docencia diaria, o profesor controlará semanalmente o seguimento do calendario do curso e fará as adaptacións necesarias.

Asemade procederase á avaliación docente coa resposta que reciba dos alumnos no trato, entendemento e procedemento axeitado nas actividades de ensino-aprendizaxe.

Os alumnos tamén cubrirán un modelo de test xenérico que será anónimo e terá periodicidade trimestral (un por avaliación), sobre as actividades máis representativas realizadas ao longo do curso, así como da propia práctica docente. Deste xeito poderá comprobarse qué actividades resultaron positivas para a súa formación e cales lles pareceron pouco produtivas así como as posibles carencias ou erros de enfoque na propia práctica docente. Cos resultados obtidos nestas sondaxes, poderán introducirse posibles variacións na programación e na práctica docente.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase ao principio do curso académico.

Os alumnos realizarán unha proba escrita na que se recollerán datos acerca do coñecemento técnico concreto acerca da materia do módulo profesional.

Esta ferramenta servirá para modificar algunhas das unidades didácticas da programación, pero tamén, e sobre todo, para determinar a existencia de alumnado con necesidades educativas específicas, e cales son as súas necesidades en concreto.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Debido ás diferenzas de capacidades, coñecementos, intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe entre os alumnos, desenvolveranse distintas actividades que permitan atender á diversidade dos alumnos, como:

- Actividades teórico-prácticas adaptadas para acadar os niveis mínimos esixidos.
- Asesoramento sobre dúbidas.
- Asesoramento sobre bibliografía, páxinas web e diferentes tipos de materiais que lles poden axudar.
- Actividades de ampliación e investigación para alumnos con sobredotación intelectual.

Así mesmo, para aqueles alumnos con necesidades educativas especiais derivadas da súa discapacidade, en función da mesma, tomaranse as medidas máis axeitadas para minimizar o problema e conseguir o maior rendemento e integración. Para aqueles alumnos con necesidades educativas especiais derivadas das súas altas capacidades intelectuais, deseñaranse actividades especialmente motivantes, relacionando conceptos, investigando feitos e creando retos que favorezan a creatividade e a progresión formativa destes alumnos e para aqueles alumnos con necesidades educativas especiais derivadas da súa tardía integración no sistema educativo, deseñaranse actividades de dificultade progresiva coa finalidade de conseguir unha rápida adaptación do alumno.

Calquera medida de atención á diversidade que saia do marco das medidas ordinarias (agrupamentos, reforzo educativo, etc..) realizaráse contando co diagnóstico, asesoramento e seguimento do departamento de orientación do centro.

Así, nos casos que se saian do marco das medidas ordinarias debido a unha discapacidade psíquica, as medidas a adoptar, consensuadas co departamento de orientación do centro serían as seguintes:

Estratexias expositivas. Á hora de explicar, o profesor terá en conta as seguintes estratexias:

- Antes de comezar, asegurarse de que atende.
- Empregaranse frases curtas e claras.
- Manterase o contacto visual e permanecerase preto.
- Focalizarse a atención nos conceptos máis importantes.
- Presentarase a idea principal explicitamente ao principio da explicación.
- Colocación axeitada na clase, e preto da situación onde está o profesorado para poder manter contacto visual e asegurarse de que atende.

Exames ou probas escritas teórico-prácticas:

- Os exames escritos serán curtos e con preguntas breves, cerradas, claras e con vocabulario sinxelo.



- Complementaranse os exames escritos e probas prácticas de forma oral, cando se observe que están incompletos.
- Alternarase a forma de presentación das cuestións que ten que responder o alumnado (de forma oral ou escrita).
- Pactarase a fórmula máis idónea para realizar os exames teóricos (oral ou escrita).
- Deixarase máis tempo para os exames e probas prácticas, incluso podendo dividilo en dúas sesións, e serase flexible na súa duración.
- Deixarase suficiente espazo entre as preguntas, e supervisarase a súa comprensión e execución.

Nos casos que se saian do marco das medidas ordinarias debido a unha discapacidade física as medidas a adoptar, consensuadas co departamento de orientación do centro serían as seguintes:

- Serase flexible na duración das probas teórico-prácticas e nas actividades realizadas ao longo do curso, así, deixaráselle máis tempo para realizar as actividades, os exames e as probas prácticas, incluso podendo dividilas en varias sesións.
- Adaptaranse, en caso de ser preciso, a forma de realizar as probas para que non teña dificultade algunha para poder facelas.

Para finalizar, unicamente indicar que, en todo momento atenderase, na medida do posible, calquera outra necesidade individual que requira medidas de atención á diversidade.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Toda a programación está pensada tendo como un dos seus obxectivos a educación en valores do estudiantado.

Prevese que a educación en valores se teña en conta cada día de docencia, de modo que estes se convirten nunha referencia clara á hora do comportamento do alumno en cada momento da súa vida académica no Centro, fóra do mesmo e tamén en cada momento da súa vida profesional unha vez que remate os seus estudos e se incorpore á mesma.

Prevese ter en conta, polo menos, os seguintes:

- Responsabilidade, sinceridade e empatía.
- Puntualidade na entrega dos traballos e tarefas encomendadas.
- A non discriminación (nin por razón de sexo, raza, relixión, discapacidade...)
- Participación e atención prestada.
- A cooperación e o correcto traballo en grupo.
- Uso dunha linguaxe non sexista.

- Compañeirismo e respecto polos compañeiros e polo profesor.
- Respecto ao traballo dos demais.
- Aproveitamento e reciclaxe, así como o aforro de recursos,
- Concienciación para un uso racional da enerxía e a reciclaxe de materiais.
- Respecto pola seguridade e saúde no traballo.
- Orde e limpeza, responsabilidade, tolerancia e respecto polo medio ambiente.
- Calidade na elaboración de documentación e no tratamento de documentación técnica.
- Calidade no manexo de instrumentación e ferramenta.
- Disponibilidade do material necesario para as clases.
- Capacidade para saber escoitar e falar correctamente.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Como complemento da formación académica e regulada contemplase a posibilidade de acudir a charlas, feiras profesionais do sector audiovisual, congresos, xornadas sectoriais e encontros con profesionais do sector. Como por exemplo Curtocircuíto, o festival que se celebra en Santiago a finais de setembro e comezos de outubro.

10. Outros apartados

10.1) TEORÍA E PRÁCTICA

As materias de Preparación de Sesións e Toma e Edición de Imaxe Dixital son as dúas principais asignaturas de práctica e teoría da imaxe do CM de VDJ e Son. O seu oceánico tamaño, e a ratio de 25 alumnos por aula, dificulta enormemente a distribución equitativa de saberes e competencias dun xeito homoxéneo. Para corrixir esta eiva, os correos de APOIO TEDI con materiais vencellados á teoría e práctica de imaxe, aínda que non constitúan sempre material estritamente lectivo -cuestión que se lles aclara aos alumnos desde o principio-, son unha tentativa de reducir o impacto dun problema que é estrutural.